

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES. POS + 2017 COMPLEMENTARIO.

Na Casa do Concello de Ames sendo as catorce horas do día 18 de maio de 2018 reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para o subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Milladoiro do Concello de Ames.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Manuel Miñones Conde, alcalde da Corporación.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Don Emilio Garrido Moreira, interventor accidental da Corporación.
- Dona Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Secretario: Don José Cabo Nodar, auxiliar administrativo do departamento de contratación.


Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 6 de abril de 2018, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada polas empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL, que ofertou unha baixa do 15,47 % estaba incurso en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

ACORDOU:

1º.- Dirixir escrito vía fax á GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada pola empresa requirida a documentación xustificativa da baixa remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.



Con data 3 de maio de 2018 remitiuselle escrito de requirimento á empresa que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraba en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación, a empresa requirida non achegou ningún tipo de documentación para xustificar a baixa considerada como desproporcionada, segundo consta no rexistro xeral do Concello.

Á vista do anteriormente exposto procede a exclusión, da empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

A continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación sen IVE: 61.871,52 €.

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
1	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	61.000,00	4,19
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	53.999,40	28,07
3	MONDO IBÉRICA SA	58.336,08	13,95
5	MECANO SPORT SL	55.987,54	22,05
6	SOLUCIONES DECORATIVAS IBAIZABAL (SDI)	55.385,00	23,87
7	DENUEVO PUNTO RECREATIVO SL	58.555,81	13,15
8	CYS HISPANIA SL	58.777,95	12,33

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	53.999,40	28,07
6	SOLUCIONES DECORATIVAS IBAIZABAL (SDI)	55.385,00	23,87
5	MECANO SPORT SL	55.987,54	22,05
3	MONDO IBÉRICA SA	58.336,08	13,95
7	DENUEVO PUNTO RECREATIVO SL	58.555,81	13,15
8	CYS HISPANIA SL	58.777,95	12,33
1	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	61.000,00	4,19

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:



Concello
de AMES

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización do subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Milladoiro do Concello de Ames á empresa **MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL** con CIF B-70195870 no prezo de cincuenta e tres mil novecentos noventa e nove euros e corenta céntimos **(53.999,40.- €)**, máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de once mil trescentos trinta e nove euros e oitenta e sete céntimos **(11.339,87.- €)**, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as catorce horas e dezasete minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

